

INDICE XERAL

BORRADOR DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A CREACIÓN DUNHA PLATAFORMA LOXÍSTICA DE INTERCAMBIO DE MERCADORÍAS NA PARCELA SU-3 DO PXOM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBJECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS

PARTE I INFORMATIVA

PARTE II XUSTIFICATIVA

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN	3
2 OBOECTIVOS DO PEID	3
3 DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PEID	4
4 ALCANCE, CONTIDO E ALTERNATIVAS PROPOSTAS	5
4.1 ALCANCE E CONTIDO	5
4.2 ANÁLISE DE ALTERNATIVAS	7
5 CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL	9
5.1 LOCALIZACIÓN E DELIMITACIÓN DO ÁMBITO	10
5.2 CARACTERÍSTICAS NATURAIS	11
5.3 USOS DO SOLO E EDIFICACIÓNS	12
5.4 MEDIO SOCIOECONÓMICO	13
5.5 PATRIMONIO CULTURAL	13
5.6 ESTUDO DA PAISAXE	14
5.6.1 Unidades de paisaxe	14
5.6.2 Elementos da paisaxe	15
5.6.3 Valoración da paisaxe	16
5.6.4 Visibilidade	18
5.7 VULNERABILIDADE DO ÁMBITO ANTE RISCOS	19
5.7.1 Risco de incendio	19
5.7.2 Contaminación atmosférica	20
5.7.3 Risco sísmico	20
5.7.4 Infraestruturas existentes	20
6 EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES	21
6.1 EFECTOS SOBRE A ATMOSFERA E O CAMBIO CLIMÁTICO	21
6.2 EFECTOS SOBRE O CONSUMO DE SOLO	22
6.3 EFECTO SOBRE O CICLO HÍDRICO	23
6.4 EFECTOS SOBRE A SOCIEDADE E A ECONOMÍA	23
6.5 EFECTOS SOBRE O PATRIMONIO NATURAL	23
6.6 EFECTOS SOBRE A PAISAXE	23
6.7 EFECTOS SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL	24
6.8 EFECTOS SOBRE A MOBILIDADE	24
6.9 EFECTOS SOBRE O CICLO DE MATERIAIS	24
7 EFECTOS PREVISIBLES SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES	24
7.1 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	24
7.2 DIRECTRICES DE PAISAXE	25
7.3 PLAN BÁSICO AUTONÓMICO	26
7.4 PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DAS ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA (PSOAG)	27
7.5 PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE	28
7.6 PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA DA ECONOMÍA (PRTR)	30
7.7 ESTRATEXIA DE LOXÍSTICA URBANA SOSTIBLE NO CASCO HISTÓRICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	31
8 MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA	31
9 RESUMO DOS MOTIVOS DA SELECCIÓN DAS ALTERNATIVAS CONTEMPLADAS	32
10 MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVER, REDUCIR E CORRIR EFECTOS NEGATIVOS RELEVANTES	33
11 MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN	33

DOC IV.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO

1 INTRODUCCIÓN

O presente documento constitúe o DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO do PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A CREACIÓN DUNHA PLATAFORMA LOXÍSTICA DE INTERCAMBIO DE MERCADORÍAS NA PARCELA SU-3 DO PXOM (en adiante PEID), no municipio de Santiago de Compostela (A Coruña).

O PEID desenvólvese co obxecto de crear unha plataforma loxística de intercambio de mercadorías en terreos clasificados como solo urbanizable na parroquia de San Caetano, no Concello de Santiago de Compostela. A tal fin o PEID define os espazos e usos concretos a implantar na parcela de reserva, e establece as medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio, a súa correcta conexión co sistema viario xeral da cidade, con especial atención á resolución dos problemas que poda xerar a mobilidade inducida pola nova implantación.

2 OBXECTIVOS DO PEID

O plan especial de infraestruturas e dotacións ten como obxectivo definir as condicións de implantación da edificación que albergará a plataforma loxística, das súas vías de acceso, manobra e estacionamento, e das medidas complementarias necesarias para a súa integración cos elementos que bordean o ámbito. O plan vai definir tamén as actuacións necesarias para a axeitada conexión co sistema viario e coas infraestruturas de servizos, exteriores ao ámbito.

O criterio xeral de ordenación é racionalizar os fluxos de entrada e saída dos camións e vehículos lixeiros de redistribución de xeito que interfiran o mínimo posible sobre o sistema viario existente e sobre o entorno.

A continuación, enuméranse as variables ambientais sobre as que as determinacións do PEID proposto teñen algún efecto e os obxectivos propostos para acadar unha planificación sustentable.

VARIABLES AMBIENTAIS	OBXECTIVOS
Paisaxe	Favorecer a integración paisaxística da plataforma loxística na contorna
Patrimonio natural e cultural	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais e os elementos do patrimonio cultural de Galicia

VARIABLES AMBIENTAIS	OBXECTIVOS
Sociedade	Contribuír a unha contorna saudable e mellorar a calidade de vida e a habitabilidade, especialmente no Casco histórico.
Economía	Potenciar os recursos locais. Contribuír á dinamización laboral
Enerxía	Minimizar o consumo enerxético da dotación.
Atmosfera	Minimizar as emisións atmosféricas debidas á implantación da plataforma e as emisións debidas ao transporte de mercadorías
Ciclo hídrico	Minimizar o consumo de recursos e facilitar o ciclo natural da auga
Ciclo de materiais	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos.
Solo	Pular por un desenvolvemento ordenado e eficiente propoñendo unha ocupación racional do solo. Integrar a dotación no contorno: minimizar o consumo do solo e a fragmentación do territorio.

3 DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PEID

A tramitación do PEID rexeráse polo disposto no artigo 75 da Lei 2/2016.

"1. A tramitación dos plans parciais e plans especiais axustarase ao seguinte procedemento:

a) O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

b) Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

c) Cando, con posterioridade ao trámite de información pública, se pretendan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrirase un novo trámite de información pública.

d) Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.

e) A aprobación de plans especiais non previstos no plan xeral e de plans especiais de protección que conteñan a ordenación detallada do solo urbano consolidado requirirá, en todo caso, a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refira ao control da legalidade e á tutela dos intereses supra-municipais, así como ao cumprimento das determinacións establecidas nas Directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais. Para estes efectos, cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que sexan pertinentes e someterallo, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu informe preceptivo, que deberá ser emitido no prazo de dous meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría. Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do

plan.

O órgano competente en materia de urbanismo, no prazo dun mes, examinará a integridade do proxecto de plan. De se apreciar algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a emisión do informe.

f) Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello procederá á súa aprobación definitiva.

2. No suposto dos plans parciais e plans especiais que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, en virtude do disposto no artigo 46.1, seguirase o procedemento establecido no artigo 60, puntos 2, 3, 4, 5, 8, 9, 10, 11 e 12.

3. No suposto dos plans parciais e plans especiais que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada, en virtude do disposto no artigo 46.2, con carácter previo á aprobación inicial do documento, realizaranse os seguintes trámites:

g) O promotor remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que achegará o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.

h) O órgano ambiental, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará o informe ambiental estratéxico, tras identificar e consultar as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas por un prazo de dous meses.

i) No caso de plans especiais non previstos no plan xeral e de plans especiais de protección que conteñan a ordenación detallada do solo urbano consolidado, entre os órganos que haberá que consultar estará o competente en materia de urbanismo.

j) O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas, determinará no informe ambiental estratéxico se o plan ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza.

k) O informe ambiental estratéxico remitirase no prazo de quince días hábiles para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.

4. A aprobación definitiva dos plans parciais e dos plans especiais corresponderalle ao órgano municipal competente."

Unha vez aprobado definitivamente o plan especial, e licitadas o proxecto e as obras de execución, tanto da edificación como da urbanización (interior e exterior) poderá implantarse na parcela o centro loxístico de distribución.

A data de remate prevista para a execución do edificio e a urbanización do ámbito é setembro de 2024.

4 ALCANCE, CONTIDO E ALTERNATIVAS PROPOSTAS

4.1 ALCANCE E CONTIDO

O Plan Especial, de conformidade co establecido no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia (LSG), integra as determinacións axeitadas á súa finalidade e, en todo caso, as seguintes (art.73 da LSG).

O Plan Especial par a ordenación do sistema xeral S.U-3 (Servizos urbanos de abastecemento) MERCAGALICIA foi aprobado o 27 de xaneiro do ano 2000 en desenvolvemento do anterior Plan Xeral de Ordenación de Santiago de Compostela aprobado no ano 1989. O desenvolvemento do Sistema xeral de servizos urbanos S.U.-3 constituíu unha importante actuación pública ao incluír a implantación da unidade alimentaria de Galicia ao definir o sistema de accesos e a regulación dos usos no ámbito optimizando a explotación do conxunto e incluíndo actividades complementarias a actividade principal de mercado.

Actualmente, o concello de Santiago de Compostela ten como instrumento de planeamento un Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 01.09.2008.

O PXOM delimita no ámbito do PEID un Solo Urbanizable Non Delimitado (SUND-30) denominado Polígono do Tambre Norte cunha superficie de 97,25 Has que recolle a unidade SU-3 para a ampliación de MercaGalicia onde se pretende instalar a plataforma loxística.

O emprazamento proposto abrangue unha superficie de 122.743,5 m² e atópase nun amplo espazo libre situado entre a parcela de TRAMEVE ao norte e MercaGalicia ao sur, a carón do polígono do Tambre. Esta natureza do ámbito promove e garante un desenvolvemento adecuado ás necesidades que require a actuación.

As determinacións que establece o plan especial e que se concretan no apartado da Normativa urbanística, preténdense flexibles, para permitir o acomodo da futura edificación, aínda por definir, tanto no seu programa pormenorizado como na súa concepción formal, pero suficientes para garantir a súa correcta implantación no terreo e a minoración das posibles afeccións.

Así defínense tres zonas de ordenación que organizan funcionalmente a parcela, tal e como se recolle no plano PORD-03ZON:

- Área de movemento da edificación (AME)
- Espazos libres da parcela (ELP)
- Terreos en estado natural/área de amortecemento (TN-AA)
- Viario e acceso (VI)

De cara a garantir a integración da actuación, dadas as características do ámbito e mentres non se desenvolva o solo urbanizable no que se insire, a zonificación proposta polo PEID establece unha serie de parámetros que, a excepción da altura máxima das edificacións, se corresponden coas condicións de posición e edificación esixidas para o solo rústico e que se definen no cadro seguinte:

Zonificación	Ocupación máxima	20 % de la parcela
	Área de movemento da edificación	20 % de la parcela
	Altura máxima da edificación	42.672 m2
	Recuado mínimo a lindeiros	B+1 (12 m)
	Espazo libre de parcela	5 m

	Terreos en estado natural mínimo	34.125 m2
	Conexión, acceso e reserva viaria	17.054 m2

4.2 ANÁLISE DE ALTERNATIVAS

Para valorar o grado de cumprimento dos obxectivos propostos estudáronse como alternativas a alternativa 0, como situación de partida respecto ao escenario tendencial en caso de non desenvolverse o PEID e a alternativa 1 que propón unha ordenación do ámbito resultante da aplicación de todos os medios que a lexislación urbanística e sectorial vixente poñen o alcance do planeamento.

A alternativa 0 propón o mantemento da situación actual, é dicir, nas condicións que establece para o ámbito o PXOM vixente. O ámbito obxecto do presente PEID forma parte do sector clasificado como solo urbanizable non delimitado SUND-30 "Polígono do Tambre Norte" destinada a ampliación do solo industrial de dito polígono. Dentro deste sector delimítase o sistema xeral incluído no ámbito SU-3 ampliación de MercaGalicia, con 67.199 m2 de solo polo que esta unidade formaría parte do futuro desenvolvemento do solo urbanizable SUND-30.

Por outra parte, o Concello de Santiago ten definida unha Estratexia de loxística urbana sostible no casco histórico de Santiago de Compostela, que prevé acometer distintas actuacións para mellorar, entre outros aspectos relacionados coa mobilidade, o modelo de distribución de mercadorías no ámbito da cidade histórica. O reparto de mercadorías nesta zona é un motivo de preocupación constante, tanto para as administracións públicas como para a cidadanía, e tamén para o propio sector empresarial, polos impactos negativos que ten.

A concentración de camións na franxa horaria na que está permitido o reparto na zona vella produce moitos problemas. En primeiro lugar polo propio perigo que supón para os peóns o paso e manobra dos camións en espazos de tránsito compartidos e ateigados de viandantes. Tamén polo deterioro constante dos firmes e pavimentos da cidade histórica, que require a reparación continua do seu enlousado, e non so do pavimento, xa que son frecuentes os impactos dos camións en elementos saíntes das fachadas como cornixas e balcóns, cun dano moitas veces irreparable ao patrimonio monumental.

Ademais destes danos evidentes, a frecuencia e o tipo de traxecto dos camións de reparto, supón unha concentración de emisións de CO2 e unha forte contaminación acústica no ámbito da cidade histórica.

En resumo, o mantemento desta alternativa supón manter o modelo actual de reparto de mercadorías na cidade histórica que supón un perigo para as persoas, un empobrecemento significativo da calidade de vida nesta parte da cidade, e un risco constante de dano ao patrimonio monumental. A alternativa 0 tampouco resolve de xeito satisfactorio as necesidades dos propios negocios aos que se abastece -principalmente do sector da hostalería- xa que a franxa horaria na que é posible o reparto coincide, con moita frecuencia, coas horas nas que os establecementos permanecen pechados polo descanso do persoal.

Para dar resposta a esta problemática o Concello propón unha estratexia (alternativa 1),

articulada en distintas fases, para establecer un novo modelo de distribución de mercadorías, nun primeiro momento aplicable ao ámbito da cidade vella, pero susceptible de ser estendido posteriormente a outras zonas da cidade. Esta alternativa require a consolidación dun centro loxístico de distribución urbana, situado fóra da cidade, pero ben conectado. Neste modelo, os camións de reparto que antes accedían aos distintos negocios da zona vella depositarían a súa mercancía nesta plataforma loxística. Alí xestionaríanse os horarios e traxectos óptimos para redistribuíla, practicamente a demanda, aos distintos negocios do casco antigo, en vehículos de cero emisións, máis lixeiros.

Respecto as alternativas de ubicación desta plataforma loxística, tras un intento previo de emprazamento noutro sector de solo clasificado como dotacional polo PXOM, conclúese que a única alternativa de localización é implantar dita plataforma loxística de distribución a carón de MercaGalicia no Polígono do Tambre, nunha parcela da reserva do sistema xeral de equipamentos da cidade, a SU-3. Esta Unidade alimentaria é un punto de referencia na cidade e en Galicia para a comercialización e distribución de produtos frescos. A localización estratéxica desta zona no centro xeográfico de Galicia facilita a extensión progresiva da súa área de influencia asegurando un tránsito fluído de mercadorías. A proximidade con MercaGalicia e a conexión directa con todas as vías que unen as principais cidades galegas fan deste ámbito SU-3, un lugar idóneo para establecer un centro loxístico para a distribución de mercadorías.

A alternativa 1 define as condición de implantación dun edificio dotacional, nunha parcela prevista para tal fin. Estas condicións concrétnanse basicamente na definición dunha área de movemento da edificación, ademais de nas medidas de integración urbana e de axeitada conexión aos sistemas viario e de infraestruturas de servizos existentes. As determinacións de ordenación da parcela teñen, polo tanto, o alcance propio dun Estudo de detalle de ordenación de volumes, e as posibles variantes desta ordenación dentro da parcela resultan irrelevantes en termos de avaliación ambiental estratéxica da planificación urbana.

En consecuencia, enténdese xustificado neste caso non propoñer distintas alternativas de ordenación na elaboración do planeamento.

A continuación procedeuse á comparación de alternativas. Analízase a valoración do grao de eficacia na integración e desenvolvemento dos obxectivos relacionados por cada variable, para cada unha das alternativas propostas.

A metodoloxía proposta baséase na consecución dun único valor resultado para cada unha delas, a través dunha valoración semicualitativa do grado de Integración dos criterios de sustentabilidade para cada unha das variables establecidas no documento de referencia.

O valor global para a elección da alternativa ven dado pola seguinte expresión:

Moi baixo	Baixo	Medio	Alto	Moi alto
1	2	3	4	5

VARIABLES AMBIENTAIS	OBXECTIVOS	A0	A1
Paisaxe	Favorecer a integración paisaxística da plataforma loxística na contorna	3	5
Patrimonio natural e cultural	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais e os elementos do patrimonio cultural de Galicia	3	5
Sociedade	Contribuír a unha contorna saudable e mellorar a calidade de vida e a habitabilidade, especialmente no Casco histórico.	3	5
Economía	Potenciar os recursos locais. Contribuír á dinamización laboral	3	5
Enerxía	Minimizar o consumo enerxético da dotación.	5	5
Atmosfera	Minimizar as emisións atmosféricas debidas á implantación da plataforma e as emisións debidas ao transporte de mercadorías	2	5
Ciclo hídrico	Minimizar o consumo de recursos e facilitar o ciclo natural da auga	5	5
Ciclo de materiais	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos.	5	5
Solo	Pular por un desenvolvemento ordenado e eficiente propoñendo unha ocupación racional do solo. Integrar a dotación no contorno: minimizar o consumo do solo e a fragmentación do territorio.	3	5
TOTAL		32	45

A valoración comparativa entre o mantemento da situación actual (alternativa 0) e a alternativa de ordenación resultante da aplicación de todos os medios que a lexislación urbanística e sectorial vixente poñen o alcance do planeamento (alternativas un) conclúe segundo o método empregado que a alternativa de ordenación que máis puntuación obtén é a un sendo polo tanto a máis coherente desde un punto de vista da sustentabilidade e polo tanto a proposta polo PEID.

5 CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL

Como se dixo anteriormente, o reparto de mercadorías na cidade histórica é un motivo de preocupación constante, tanto para as administracións públicas como para a cidadanía, e tamén para o propio sector empresarial, polos impactos negativos que ten.

A concentración de camións na franxa horaria na que está permitido o reparto na zona vella produce moitos problemas tanto polo propio perigo que supón para os peóns como polo deterioro constante dos firmes e pavimentos da cidade histórica, que require a reparación continua do seu enlousado, e non so do pavimento, xa que son frecuentes os impactos dos camións en elementos saíntes das fachadas como cornixas e balcóns, cun dano moitas veces irreparable ao patrimonio monumental. A situación actual tamén xera problemas nos negocios aos que abastece. Ademais, a frecuencia e o tipo de traxecto dos camións de reparto, supón unha concentración de emisións de CO₂ e unha forte contaminación acústica no ámbito da cidade histórica.


5.1 LOCALIZACIÓN E DELIMITACIÓN DO ÁMBITO

O ámbito obxecto do PEID atópase no municipio de Santiago de Compostela. Este concello conta cunha superficie de 220,01 Km² e sitúase no centro-oeste de Galicia e no sur da provincia de A Coruña. Pertence a comarca de Santiago integrada tamén polos municipios de Ames, Boqueixón, Brión, Teo, Val do Dubra e Vedra. A cabeceira comarcal esta situada na capital do municipio de Santiago que se configura como o principal centro urbano do conxunto comarcal.

Santiago limita ao norte cos municipios de Trazo, Oroso e Val do Dubra; ao leste co municipio de O Pino, polo oeste co municipio de Ames e ao sur cos municipios de Vedra, Boqueixón e Teo.

As DOT, inclúen o municipio de Santiago dentro da Área funcional de Santiago e do Sistema de Grandes Cidades de Galicia. Pola súa posición e o seu carácter, Santiago aparece como un espazo decisivo para a organización de todo o territorio galego. Santiago é a capital administrativa e cultural de Galicia e a cidade con maior proxección global.

O municipio consta de 27 parroquias. O ámbito de estudo atópase na parroquia de San Caetano localizado na zona centronorte do municipio, colindante cara o norte co Polígono do Tambre.



Localización do ámbito do PEID

O ámbito atópase situado entre o Polígono do Tambre e a estrada que dá acceso ao núcleo rural de San Silvestre. Sitúase entre dúas parcelas construídas dedicadas a uso industrial. Limita polo sur con MercaGalicia e polo norte con solo rústico e coa parcela do desguace TRAMEVE (tratamento medioambiental de vehículos) cuxa edificación atópase en parte incluída no ámbito do PEID. Polo leste o ámbito está delimitado polo vial de la Cierva, vía de acceso ao Polígono do Tambre, e polo oeste limita con solo rústico.

A súa delimitación abrangue en total 122.743,5 m², e incorpora a parte do sistema viario local que serve de acceso ás parcelas.

A referencia catastral que corresponde á edificación de TRAMEVE existente é a número 002400400NH35D0001SB, e sitúase nunha parcela identificada coa referencia catastral número 002400400NH35D. Esta parcela ten unha extensión superficial de 12.933 m², dedicada na súa totalidade ao uso do desgüace. O resto das parcelas incluídas no ámbito teñen as seguintes referencias catastrais: 15079A50501064, 15079A50501191, 15079A50501192, 15079A50501193, 15079A50501194, 15079A50501196, 15079A50501197, 15079A50501199, 15079A50501200, 15079A50501201, 15079A50501242, 15079A50501378, 15079A50501385, 15079A50501498, 15079A50501499, 15079A50501500, 15079A50501501, 15079A50501502, 15079A50501804, 15079A50501805, 15079A50501811, 15079A50501812, 15079A50501813, 15079A50501814, 15079A50501815, 15079A50501816, 15079A50509000 e 15079A50509023.

5.2 CARACTERÍSTICAS NATURAIS


a) CLIMA

O clima de Compostela é temperado e chuvioso, como o da maior parte de Galicia occidental, pero con trazos propios debidos a súa separación da costa, altitude e xeomorfoloxía. O tempo é moi variable e resulta frecuente que as masas de aire húmido se concentren, penetrando facilmente por o val de Sar. As temperaturas medias oscilan arredor dos 12º e danse as máximas en xullo e agosto. En inverno as néboas acostuman a establecerse en vales, provocando unha humidade relativa moi alta. Este tipo de tempo húmido convirte o municipio nunha zona de moitas chuvias.

b) XEOMORFOLOXÍA

O ámbito sitúase a uns 325 m sobre o nivel do mar, mantendo uns valores xeralmente uniformes en todo o ámbito. Os maiores valores de altitude atópanse cara o leste onde se chegan a alcanzar os 342 m.

En xeral, presenta unha topografía suave, cunha pendente lixeiramente ascendente en dirección leste onde se acadan valores que oscilan entre o 5 e o 10%.



Valores de pendente existentes no ámbito

c) XEOLOXÍA

O ámbito encádrase na zona III Lotze (1945), zona Centro Iberica (Julivert et al.1942) ou entre as zonas IV e V definidas por MATTE (1968), zonas Galicia media Tras os Montes e Galicia

Occidental NW de Portugal. Pertence ao Dominio do Complexo de Ordes as unidades de Unidades de Betanzos e O Pino.

Polo tanto os materiais aflorantes no ámbito do PEID son Xistos de Ordes. Son gneises migmatíticos. Formación gneísica cun alto grao de metamorfismo, cun importante número de inxeccións graníticas. Correspóndese coa facies metamórfica de máis alto grao da Serie de Ordes. É unha das rochas máis características e abundantes da Galicia Central e Occidental. Son metasedimentos monótonos que proceden de rochas pelíticas e grauváquicas. Son xistos, lousas, filitas, metagrauvas, conglomerados, metapelitas carbonosas e cuarcitas.

d) HIDROLOXÍA

O ámbito pertence á Demarcación hidrográfica Galicia Costa, en concreto ao sistema de explotación nº 6 Río Tambre e Ría de Muros e Noia.

Non se identifican cursos de auga no ámbito do PEID. Cara o leste do ámbito, a uns 400 metros aproximadamente, discorre o regato de Paradela (código 2040531102) e polo norte se identifica unha pequena corrente estacional (código 950140076135), ambos verten as súas augas ao Rego Salgueiro (20405311) que discorre cara o norte do ámbito e verte as súas augas no río Sionlla afluente do Tambre.

e) FLORA E FAUNA

O Polígono do Tambre e as vías que o comunican fan do ámbito unha contorna urbanizada. As parcelas incluídas no ámbito do PEID están cubertas por mato e arborado, fundamentalmente especies coníferas de plantación (*Pinus pinaster*) e especies frondosas caducifolias como se pode observar no plano de usos e coberturas do solo (II.01) unha parte da superficie do ámbito esta ocupada por cultivos herbáceos.

Non se identifican árbores ou formacións senlleiras catalogadas no ámbito nin na súa contorna nin se atopan hábitats de interese comunitario para a súa conservación.

Respecto da fauna, o ámbito non se atopa incluído dentro dos plans de recuperación ou conservación de especies aprobados e non se atopa en zonas protección avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión.

f) ÁREAS ESTRATÉXICAS DE CONSERVACIÓN

No ámbito do PEID non existen espazos naturais protexidos incluídos na Rede Natura 2000 ou na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos atopándose o espazos máis próximo con estes valores (ES1110016 Río Tambre) atópase a máis de 2 Km cara o norte do ámbito.

5.3 USOS DO SOLO E EDIFICACIÓNS

O ámbito atópase a carón do polígono do Tambre, entre dúas parcelas de uso industrial, nunha contorna que mestura estes usos cos rústicos.

Pertence á concentración parcelaria de San Miguel dos Agros, aprobada no ano 1967, que abrangue unha superficie de 1.105 Has.

Como se dixo anteriormente, o PEID inclúe ao norte, a construción da empresa TRAMEVE dedicada ao desguace de vehículos e ao sur parte do aparcadoiro de MERCAGALICIA.

Trátase, en resumo, dun ámbito antropizado, bordeado por vías urbanas e o polígono industrial, que non conta con elementos bióticos singulares e relevantes que requiran medidas de cautela ou protección específicos, máis alá das propios do tratamento e acondicionamento coidadoso do ámbito.

5.4 MEDIO SOCIOECONÓMICO

O concello de Santiago de Compostela contaba no ano 2021 con 81.714 habitantes (Instituto Galego de Estatística, en diante IGE). A poboación repártese de forma desigual nas vinte sete parroquias que conforman a estrutura parroquial. A parroquia de San Caetano acolle o ámbito do PEID e representa o 1,14% do total municipal (938 habitantes).

As poboacións máis próximas ao ámbito en desenvolvemento son as de San Silvestre, situada a uns 350 m ao norte do ámbito, Rebordaos, situada a uns 200 m cara o oeste, e Paradela, poboación situada a uns 100 m ao sur leste do ámbito do PEID. Entre todas elas suman 168 habitantes que representa o 18% da parroquia e o 0,17% do municipio.

Como pode observarse no seguinte cadro a poboación tanto a nivel municipal como parroquial e mesmo nas entidades de poboación próximas ao ámbito, despois de experimentar un forte incremento entre os anos 2010 e 2015 mantense con leves oscilacións no número de habitantes.

CADRO Nº 1.- Evolución demográfica na contorna do PEID

	2010	2015	2020	2021
Santiago de Compostela	78.550	95.612	97.848	97.851
San Caetano (Santiago)	919	963	931	938
San Silvestre	42	38	36	38
Rebordaos	84	104	120	119
Paradela	15	12	11	11


En relación coa actividade económica, o concello de Santiago de Compostela, segundo os datos do IGE para o primeiro trimestre do ano 2022, reparte a súa poboación ocupada entre os sectores primario 1,07%, o secundario 11,74% e o terciario 87,16%. Dos datos obtidos pode observarse o peso tan importante que ten o sector terciario na economía municipal, compre destacar que Santiago de Compostela constitúe un centro de servizos administrativos moi importante na Comunidade Autónoma, cun sector terciario moi orientado ao turismo que se atopa moi desenvolvido nutrindo ós restantes concellos da comarca e limítrofes.

5.5 PATRIMONIO CULTURAL

Non se identifican elementos do patrimonio cultural de Galicia no ámbito.

O elemento mais próximo é a Mámoa da Boca do Lobo, código GA15078008 e o seu contorno de protección.

O camiño de Santiago inglés discorre a un Km aproximadamente cara o leste do ámbito abrangendo o Polígono do Tambre.



Elementos do patrimonio cultural na contorna do PEID

5.6 ESTUDO DA PAISAXE

Segundo a Estratexia Galega da Paisaxe desenvolvida a partir da Lei de Protección da Paisaxe de Galicia (Lei 7/2008, do 7 de xullo) o ámbito do PEID pertence á Grande Área paisaxística (GAP) nº 7 "Galicia Central", na comarca paisaxística 7.2 Terras de Santiago-A Barcala.

Mediante o Decreto 119/2016 (DOG do 25/08/2016), aprobouse o Catálogo das paisaxes de Galicia, no que se identifican os tipos de paisaxe, delimitan as unidades de paisaxe, inventarían os valores paisaxísticos, analizan as causas que determinaron cada tipo de paisaxe e faise unha diagnose xeral sobre o estado da paisaxe, en cada área paisaxística.

5.6.1 Unidades de paisaxe

A Galicia Central presenta unha homoxeneidade morfolóxica notable a pesar do seu gran tamaño. Aproximadamente o 70 % do seu territorio corresponde á unidade Vales sublitorais. As formas suaves do relevo son o rango distintivo deste modelo, fundamentado nunha densa rede hidrográfica e na sucesión de vales ondulados como principal característica.

Segundo o Catálogo das Paisaxes de Galicia o ámbito do PEID segundo a súa xeomorfoloxía e clima pertence a unidade formada por vales sublitorais nun clima mesotemperado inferior. Segundo a súa cuberta a unidades paisaxística esta formada por un agrosistema extensivo.

5.6.2 Elementos da paisaxe

Entre os compoñentes físicos, o relevo ten unha considerable influencia sobre a percepción da paisaxe mentres que entre os compoñentes bióticos destacan os usos e coberturas do solo que recobren o ámbito do PEID.

Enmarcada entre os ríos Tambre e Ulla, localizados ao norte e sur do territorio respectivamente, os vales e a orografía suave caracterizan a paisaxe da comarca Terras de Santiago-A Barcala, resultado desta situación interfluvial, da tectónica e da acción erosiva do terciario. Aínda que son numerosos os cursos fluviais que dan lugar a depresións do terreo, o conxunto do territorio organízase arredor de dos ríos Ulla e Tambre e en menor medida do Sar. Trátase dunha ampla extensión de terreo na que en moi poucos puntos se exceden os 300 m de altitude.

O relevo no ámbito do PEID non presenta contrastes, tratándose dunha zona practicamente chaira con suaves oscilacións nos valores de pendente cara o leste do ámbito.

A unidade litolóxica esta dominada por xistos da serie de ordes.

Non existen cursos de auga no ámbito. Os cursos próximos son o de Regato de Paradela que discorre polo leste e un rego innominado próximo ao ámbito polo norte.

Non se identifican áreas estratéxicas para a súa conservación no ámbito nin próximas, nin hábitats de interese para a súa conservación.

O ámbito non se inclúe nas zonas de interese para a avifauna, nin se recolle nos plans de recuperación ou conservación de especies aprobados.

Non se identifican elementos do patrimonio cultural no ámbito. Na contorna atópase a Mámoa da Boca do Lobo e a un Km cara o leste o Camiño de Santiago Inglés.

As parcelas que conforman o ámbito atópanse practicamente entre dúas parcelas industriais. Polo sur limita co polígono do Tambre e polo norte atópase a parcela da empresa TRAMEVE dedicada ao desguace de vehículos. Polo oeste o ámbito esta delimitado polo vial de la Cierva que permite o acceso ao Polígono. Neste contorno os usos industriais mestúranse cos rústicos. Así, no interior do ámbito predominan os cultivos herbáceos e existe vexetación arbórea mesturada con mato. Entre as especies arbóreas atópase pino de plantación e mestura de frondosas caducifolias.



Elementos da paisaxe do ámbito

5.6.3 Valoración da paisaxe

Segundo o Catálogo de paisaxes de Galicia non existen áreas de interese paisaxístico no ámbito nin nas súas proximidades.

As intervencións en materia de paisaxe estarán guiadas pola comprensión do lugar e o coñecemento das súas necesidades funcionais, a identificación dos elementos característicos ou a percepción social e cultural.

Entre os valores ecolóxicos non destacan elementos bióticos merecedores de protección pola súa singularidade ou naturalidade. Non existen hábitats de interese comunitario para a súa conservación ou áreas estratéxicas de conservación na zona estudo.

Entre os valores culturais, o ámbito do PEID non presenta elementos do patrimonio cultural de Galicia.

Non presenta valores panorámicos. Unha pequena parte no leste do ámbito resulta visible dende o miradoiro mais cercano do Pedroso (código 221), situado en San Ignacio do Monte.

Trátase, en resumo, dun ámbito antropizado, bordeado por vías urbanas e o polígono industrial, que non conta con elementos bióticos singulares e relevantes que requiran medidas de cautela ou protección específicos, máis alá das propios do tratamento e acondicionamento coidadoso do ámbito.

O ámbito obxecto de estudo esta incluído polo PXOM de Santiago de Compostela no sector de solo urbanizable non delimitado SUND-30 denominado Polígono do Tambre Norte concebido como unha peza de gran tamaño destinada á ampliación do solo industrial do Polígono e limitada polo Cinturón Orbital.

O Estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico do PXOM cualifica o sector SUND-30 cun valor ambiental medio/alto, cun valor paisaxístico medio e cun valor produtivo alto. Identifica como fragilidades máis salientables aquelas relacionadas co rego de Paradela, os solos e a conca visual. Os impactos valorados globalmente como moderados, destaca a perda e subexplotación de recursos naturais (en solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas), a degradación paisaxística (de intensidade media) e o impacto positivo sobre o medio socioeconómico.

As medidas de prevención, integración ambiental e paisaxística que contempla fan referencia á protección do sistema natural de drenaxe co establecemento de espazos libres na zona de servidume do DPH, á protección da paisaxe rural e da calidade do aire e acústica establecendo unha zona verde no perímetro do ámbito en contacto coas infraestruturas viarias, que deberá estar arborada con caducifolias autóctonas nunha faixa de 15 m de largo como mínimo.

ÁMBITO	SUND 30 POLIGONO DO TAMBRE NORTE
DESCRIPCIÓN-XUSTIFICACIÓN Completamento da área industrial do Tambre. SUPERFICIE: 109,44 Ha. TIPO: E EDIFICABILIDADE BRUTA: 0.55 m ² /m ² INFRAESTRUTURAS: Conexión coas redes infraestruturais existentes.	
CARACTERÍSTICAS AMBIENTAIS FISIOGRAFÍA: Outeiro de Paradela e valgada da Regueira de Paradela. Pendentes suave e moderada. USO ACTUAL: Agropecuario/Forestal CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: 14/15/18/16 VALOR AMBIENTAL: Medio/Alto VALOR PAISAXÍSTICO: Medio VALOR PRODUCTIVO: Alto FRAXILIDADES Regueira de Paradela. Edáfica. Visual.	
IMPACTOS (-) Perda e subexplotación de recursos naturais. Solos de aptitude agronómica, produtividade actual e potencial elevadas. (-) Degradación paisaxística. (Intensidade media) Cambio dos usos do solo. Alteración da paisaxe tradicional. (+) Socioeconómicos. VALORACIÓN GLOBAL: Moderados.	
MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA Protección do sistema natural de drenaxe co establecemento de espazos libres na zona de servidume do DPH. Protección da paisaxe rural, da calidade do aire e acústica establecendo unha zona verde no perímetro do ámbito en contacto coas infraestruturas viarias, que deberá estar arborada con caducifolias autóctonas nunha faixa de 15 m de largo como mínimo.	


Incidencia ambiental e paisaxística do SUND-30 segundo o PXOM de Santiago de Compostela

5.6.4 Visibilidade

Consecuencia da morfoloxía do territorio as cuncas visuais son abertas, con horizontes formados por suaves ondulacións, interrompidos neste caso polo polígono do Tambre e o resto de edificacións existentes.


Segundo o Catálogo de Paisaxes de Galicia, parte do PEID atópase ente as zonas de visibilidade baixa tendo en conta as zonas de maior potencial de vistas (principais estradas e núcleos, miradoiros, Camiño de Santiago ou rutas de sendeirismo e BTT) mentres que o resto do ámbito non resulta visible desde as zonas de maior potencial de vistas.

Tendo en conta as principais estradas e núcleos o Catálogo de paisaxes determina que a zona de estudo non resulta visible dende as mesmas.



Visibilidade do ámbito desde zonas de maior potencial de vistas.

Fonte: <https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/>



Visibilidade do ámbito desde principais estradas e núcleos. Fonte : <https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/>

5.7 VULNERABILIDADE DO ÁMBITO ANTE RISCOS

5.7.1 Risco de incendio

En relación ao planeamento e ordenación dos recursos forestais o ámbito do PEID pertence ao Distrito Forestal III Santiago-Meseta Interior.

Con base en criterios da información histórica sobre a ocorrencia de incendios forestais,

vulnerabilidade poboacional, ameazas aos ecosistemas forestais e a protección do solo fronte á erosión, clasifícase o territorio segundo o risco espacial de incendio forestal en Galicia en zonas de baixo risco, medio risco e alto risco de incendio forestal. A Orde do 18 de abril do 2007 define as zonas de alto risco (ZAR) de incendio como as superficies onde se reconece como prioritaria a aplicación de medidas máis rigorosas de defensa contra os incendios forestais ante o elevado risco de incendio, pola especial frecuencia ou virulencia dos incendios forestais ou a importancia dos valores ameazados. A incidencia dos lumes forestais acontecidos en Santiago de Compostela dende os últimos 10 anos favoreceu que todo o municipio se clasifique como zona de risco de alto risco de incendio.

Segundo o PLADIGA 2022 a de San Caetano non se identifica como parroquia con alto risco de incendio.

O punto de vixilancia máis cercano o do Pedroso e atópase nun radio de acción de 0 a 2 minutos en relación co depósito de auga máis cercano.

5.7.2 Contaminación atmosférica

Segundo se establece no Plan Básico Autonómico non se identifican no ámbito ou próximos establecementos susceptibles de provocar accidentes graves debido a intervención de substancias perigosas (Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas).

5.7.3 Risco sísmico

Considerase como zona xeográfica con risco de sufrir terremotos de intensidade igual ou superior a VI, a aqueles Concellos incluídos no Anexo do Real Decreto 997/2002, de 27 de setembro, polo que se aproba a Norma de Construción Sismoresistente, Parte Xeral e de Edificación (NCSE-02), publicada no BOE nº 244 de 11 de outubro de 2002, que relaciona os Concellos cunha aceleración sísmica básica igual ou maior de 0,4 g entre os que non se atopa o municipio de Santiago de Compostela.

5.7.4 Infraestruturas existentes

Respecto a infraestrutura viaria, o ámbito limita polo oeste co vial de la Cierva que dá acceso ao polígono do Tambre e garante a súa doada inserción no mesmo. O acceso ao ámbito se prevé dende o propio vial de la Cierva, mediante a creación dunha nova intersección. O PXOM prevé no límite norte da actuación SU-3 a execución do cinturón orbital V Brins-N550 que supón a mellora na conexión das estradas N-550, A-54, AP-9 e co aeroporto de Lavacolla á vez que consegue unha maior mobilidade entre os polígonos industriais e comerciais de puntos importantes da cidade de Santiago.

O recurso hídrico de abastecemento do Polígono do Tambre procede da captación do río Tambre que a través dunha impulsión de 400 mm abastece ao depósito do Polígono industrial desde o que se conduce a auga ata a área industrial (diámetro de 500 mm) así como ata o

deposito de Salgueiriños (350 mm de diámetro).

O ámbito non conta con rede de abastecemento de auga municipal. Un ramal da rede se estende polo vial de acceso ao Polígono do Tambre ata MERCAGALICIA e outro da servizo ao núcleo de Paradela.

Un tramo da rede de saneamento municipal atravesa o ámbito do PEID dende o pozo de bombeo situado no polígono industrial.

O subministro eléctrico obtense dende a rede de distribución pública. Existe iluminación pública no vial de acceso ao Polígono do Tambre.

6 EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES

A continuación descríbense os efectos previstos sobre as variables ambientais afectadas polo desenvolvemento do PEID. Neste aspecto debe terse en conta o carácter estratéxico deste tipo de avaliacións fronte ao carácter mais específico da avaliación ambiental de proxectos.

Os efectos negativos máis importantes prodúcense sobre as variables solo e paisaxe. Con todo, cabe dicir que debido á localización e a superficie ocupada pola dotación proposta non cabe esperar efectos negativos significativos.

6.1 EFECTOS SOBRE A ATMOSFERA E O CAMBIO CLIMÁTICO

O desenvolvemento do PEID impacta positivamente nunha mellora da calidade do aire nas entornas urbanas e no impulso da descarbonización da mobilidade urbana. Este efecto positivo conseguirase a través das seguintes accións que permitirá executar a creación da plataforma loxística prevista:

- Reducir o volume de emisións vinculadas ao transporte de mercancías, coa restrición no casco histórico a vehículos de cero emisións.
- Racionalizar o acceso á zona histórica, tendendo a cero vehículos
- Reducir o impacto do tráfico de mercancías no casco histórico en termos de impacto sobre o patrimonio e a vida no casco (liberación de espazo público, redución de accidentes, deterioro do patrimonio ...)
- Xerar sinerxías cos operadores de reparto actuais, optimizando rutas e incorporando tipoloxías de produtos ao reparto centralizado.

Os traballos para a urbanización da plataforma traerán consigo un incremento do tráfico rodado na zona. O aumento de tráfico non se considera destacable dadas a súa situación respecto ao polígono do Tambre e MercaGalicia polo que non resultará significativo no aumento dos niveis sonoros ambientais. Os efectos ambientais previstos sobre a calidade sonora veñen derivados do leve aumento de tráfico rodado no ámbito, así como da propia urbanización da plataforma loxística.

A nova dotación non producirá un aumento da contaminación lumínica existente na zona.

Durante a execución das obras vaise producir unha contaminación acústica de natureza intermitente e de diversa intensidade e frecuencia , que pode xerar , nos puntos próximos o lugar de traballo , un aumento dos niveis normais de inmisión no entorno da estación. A afección non se considera significativa.

A lexislación aplicable ao presente apartado baséase na Lei 37/2003, do 17 de novembro, de ruído, desenvolvida por RD 1513/2005, que foi modificado polo RD 1367/2007 do 18 de outubro e este á súa vez polo RD 1038/2012 do 6 de xullo. Así como polo Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de na Comunidade Autónoma de Galicia. Os criterios de delimitación das distintas áreas acústicas quedan establecidos no artigo 5 do Real Decreto 1367/2007.

De acordo co establecido no artigo 13 do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro:

"1. Todas as figuras de planeamento incluírán de forma explícita a delimitación correspondente á zonificación acústica da superficie de actuación. Cando a delimitación en áreas acústicas este incluída no planeamento xeral utilizarase esta delimitación."

Polo que se identifica o ámbito, unha vez urbanizado, coa zonificación tipo d), pertencente segundo o citado Decreto ao sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do contemplado en c (uso recreativo y de espectáculos) para os cales establécense os seguintes obxectivos de calidade acústica:

	Ld	Le	Ln
d) Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do contemplado en c	70	70	65

6.2 EFECTOS SOBRE O CONSUMO DE SOLO

Todas as actuacións de ocupación afectan o solo, entendendo este como ben non renovable, capa fértil de terra vexetal.

Non se identificaron no ámbito puntos de interese xeolóxico nin formacións xeolóxicas singulares.

Non se agardan efectos relevantes no referente á ocupación do solo. O ámbito intégrase na malla urbana xerada polo polígono do Tambre polo que non se agardan efectos negativos sobre esta variable en canto á vocación do solo ou a fragmentación do territorio, minimizando a expansión urbanizadora e a alteración de terreos menos aptos para o seu desenvolvemento urbanístico.

O impacto sobre a edafoloxía iniciase co desbroce e os movementos de terras. Estas operacións producen a alteración das capas superficiais do solo e poden modificar a dirección e intensidade dos fluxos de escorrenta superficial, así como aumentar a taxa de erosión e o arrastre de materiais. Se ben debido a superficie de solo proposta para urbanizar este efecto non se considera significativo.

6.3 EFECTO SOBRE O CICLO HÍDRICO

Non se agardan efectos significativos sobre o consumo de recursos hídricos. A rede municipal conta con capacidade suficiente para asumir as necesidades do novo centro.

Non existen cursos de auga ou zonas húmidas que podan verse afectadas polo desenvolvemento do PEID.

6.4 EFECTOS SOBRE A SOCIEDADE E A ECONOMÍA

O desenvolvemento do PEID terá un efecto positivo sobre a economía tanto a nivel municipal, como autonómico e en menor medida estatal ao poder ofertar mellores servizos de comercialización e distribución de mercadorías.

A construción e funcionamento do novo centro terá efectos positivos tamén sobre dinamización laboral na zona mediante a xeración de emprego. Así mesmo, ao actuar de dinamizador da actividade económica repercutirá de modo indirecto sobre sectores como hostaleira, comercio, transporte, etc.

Por outra parte, co PEID mellorarase a seguridade viaria e reduciranse as emisións atmosféricas no casco histórico mellorando a calidade de vida tanto da poboación residente como visitante.

Os efectos sobre estas variables considéranse positivos.

6.5 EFECTOS SOBRE O PATRIMONIO NATURAL

O movemento de maquinaria e a roza do terreo poden desprazar exemplares de fauna asentados na zona do estudo. Non é previsible ningunha afección significativa sobre especies incluídas en figuras de protección e non se considera un efecto significativo dados os usos predominantes na zona.

Compre destacar que na zona non se identifica arborado ou especies protexidas nin elementos ou formacións destacables pola súa calidade ecolóxica.

Constatase que non existe afección a áreas estratéxicas de conservación.

6.6 EFECTOS SOBRE A PAISAXE

O ámbito proposto non destaca pola súa calidade ou incidencia paisaxística, nin se atopa en áreas de interese catalogadas.

A escala da actuación permite integrar visual e paisaxisticamente a nova dotación dada a relación adoptada entre o terreo que se manterá en estado natural e a edificación así como a súa situación respecto ao polígono do Tambre e a adopción das condicións de edificación propostas nas ordenanzas particulares que establece o PEID.

6.7 EFECTOS SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL

A actuación proposta non afecta aos elementos do patrimonio cultural catalogados.

6.8 EFECTOS SOBRE A MOBILIDADE

A alternativa adoptada favorece o acceso á dotación ao situarse en continuidade con MercaGalicia favorecendo a compacidade e accesibilidade.

A actuación proposta mellora o fluxo de mercadorías e o tránsito de vehículos de transporte polo que se agardan efectos positivos significativos sobre esta variable.

A elaboración do plan especial vai establecer as condicións de implantación, garantindo a existencia de espazos reservados á circulación manobra e estacionamento dos distintos tipos de vehículos que accedan á parcela, no interior da mesma, así como a racionalización dos percorridos, o que vai supoñer un impacto mínimo no territorio, e sempre inferior ao que se produciría de manter a situación actual.

6.9 EFECTOS SOBRE O CICLO DE MATERIAIS

Produciranse na medida que se desenvolva a actividade construtiva, no momento da urbanización aplicaranse as medidas e protocolos oportunos conforme a lexislación sectorial vixente.

7 EFECTOS PREVISIBLES SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES.

7.1 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

As Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas mediante Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, inclúen o municipio na área urbana de Santiago de Compostela. Pola súa posición e o seu carácter, Santiago aparece como un espazo decisivo para a organización de todo o territorio galego. Santiago é a capital administrativa e cultural de Galicia e a cidade con maior proxección global

Hoxe en día Santiago constitúe unha referencia internacional polo valor do seu patrimonio e polo seu significado europeo. Estas razóns explican que nos últimos anos se consolidara entre os destinos europeos de calidade no turismo cultural, o cal xerou un importante despegue do sector. Ao anterior hai que engadir o desenvolvemento dun tecido empresarial con forte presenza de actividades da nova economía e de manufacturas especializadas, con marcas que acadaron unha destacada proxección internacional. Todos estes factores fan que Santiago se posicione ante o futuro como un novo polo de innovación e crecemento de ámbito rexional.

Pola súa posición, constitúe un nodo clave na articulación do Eixo Atlántico e nas relacións costa-interior. Santiago é a cidade galega con maior centralidade rexional. A súa localización no centro de gravidade do sistema urbano galego repórtalle importantes vantaxes competitivas para o desenvolvemento de funcións administrativas, culturais e de servizos.

Segundo as DOT, entre as determinacións orientativas para o sistema de cidades de Galicia atópase:

- Orientar a localización de novos servizos de rango de conxunto de Rexión urbana en localizacións que ofrezan adecuadas condicións de accesibilidade dende as cidades centrais e dende as áreas de influencia supramunicipal.
- Fixación dos usos do solo e o equilibrio entre as distintas partes do territorio, baixo a perspectiva da súa sostibilidade, baseándose para iso na "capacidade de carga" entendida como a aptitude dun territorio para soportar un nivel de intensidade de usos sen que, en ningún caso, se produza un proceso de deterioración ambiental, social ou cultural.
- Definir medidas de mellora do metabolismo urbano co obxectivo de reducir a pegada ecolóxica destes ámbitos e incrementar a súa sostibilidade.
- Para novas implantacións ou ampliacións das áreas existentes estudarase a necesidade do recurso (auga) e a posibilidade da súa utilización para abastecemento. Buscarase a integración do saneamento de augas residuais e da recollida e tratamento de augas pluviais no marco territorial e ambiental no que se atope.
- A planificación das áreas empresariais e dos espazos para actividades económicas, tanto por ser de nova construción como por reconversión dos existentes, deberá facerse desde a perspectiva da ecoloxía industrial co fin de buscar a eficiencia e contribuír ao desenvolvemento sostible.
- Preveranse plataformas loxísticas asociadas aos portos comerciais autonómicos, aos portos de interese xeral do Estado, aos nodos de confluencia de infraestruturas viarias de altas prestacións ou ferroviarias, así como aos núcleos do sistema urbano que destaquen pola súa accesibilidade.

Respecto dos usos, as DOT pretenden orientar os usos do solo de maneira racional en consonancia coas funcionalidades que lles sexan propias.

Segundo a determinación 8.2 das DOT, como forma de garantir a coherencia da planificación e de evitar o risco da incorporación de actuacións con criterios alleos e inconsistentes coas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, o PEID realiza unha ANÁLISE DA COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA (ACE) da alternativa proposta, no que se confirma o grao de compatibilidade entre o planeamento e as aliñacións ou concordancias estratéxicas, obxectivos e criterios das DOT.

7.2 DIRECTRICES DE PAISAXE

De acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, o PEID realiza un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado.

As determinacións do PEID acóllense aos obxectivos de calidade paisaxística xeral: OX.1, OX.2,

OX.3, OX.4, OX.5 e OX.8.

Entre os obxectivos de calidade paisaxística para as grandes Áreas paisaxísticas, as directrices establecen no caso da Galicia Central:

“(..) 9B_4. Uns espazos urbanos xestionados mediante instrumentos que conduzan á súa compactidade e integración paisaxística.

9B_4_1. Uns centros urbanos xestionados mediante instrumentos que conduzan á compactidade e á diversidade de usos compatibles co residencial, integrando as edificacións contemporáneas coa conservación dos valores propios do núcleo.

9B_4_2. Unhas urbanizacións xestionadas adecuadamente, con crecementos proporcionados, de escala axeitada ao territorio sobre o cal se insiren, e mantidas e xestionadas con criterios de mellora paisaxística.

A ordenación urbanística guíase polas normas e recomendacións establecidas nos restantes puntos das directrices, así como polos criterios xerais establecidos na DX.05 (N).

Ademais, o PEID ten en conta os criterios establecidos na DX.10 para os novos desenvolvementos urbanísticos.

Exponse a continuación á motivación da congruencia das determinacións establecidas polo PEID coas Directrices de Paisaxe que se lle resultan de aplicación:

- O ámbito localízase na SU-3, colidante co polígono industrial do Tambre. Iso favorece unha ocupación racional do solo e polo tanto unha menor degradación e fragmentación do territorio así como a dispoñibilidade dos servizos e infraestruturas.
- A ordenación establecida polo PEID busca minimizar a superficie alterada e optimizar os movementos de terra realizando unha ordenación acorde co medio, tentando conseguir a máxima integración topográfica e estética da actuación minimizando o impacto sobre a paisaxe.
- O desenvolvemento do PEID debe garantir o acceso por medio de tráfico rodado e peonil, realizarase un trazado orgánico, adaptándose ao terreo na medida do posible, e empregando preferiblemente pavimentos filtrantes tanto nas zonas peonís como nas de tránsito e aparcamento de vehículos.
- Establécese unha zona verde arborada situada no leste do ámbito coa función de protección ou amortecemento entre os solo rústico e a plataforma loxística. Nesta zona conservarase na medida do posible á vexetación existente.
- As medidas establecidas no planeamento están orientadas a garantir a integración paisaxística da actuación e minimizar a afección sobre a paisaxe e preservar os elementos de maior valor e trazos paisaxísticos e xeomorfolóxicos do territorio.

7.3 PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

O Plan Básico Autonómico (PBA) é un instrumento de planeamento urbanístico que ten por

obxecto delimitar, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as afeccións derivadas da lexislación sectorial e identificar os asentamentos de poboación existentes; así mesmo, establece unha regulación de carácter xeral dos diferentes usos do solo e da edificación.

As determinacións contidas no Plan básico autonómico son as seguintes:

- Relación cos instrumentos de ordenación do territorio.
- Determinación das afeccións derivadas das lexislacións sectoriais sobre o territorio.
- Identificación dos asentamentos de poboación existentes.
- Regulación dos usos do solo e da edificación.

O decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (PBA) establece que dito documento será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa.

Neste sentido, no ámbito de estudo o PBA identifica unha serie de afeccións, contempladas no plano de información 03_1.

7.4 PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DAS ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA (PSOAG)

O PSOAG foi aprobado definitivamente mediante Resolución de 5 de maio de 2014. Dito plan establece as condicións xerais para o futuro desenvolvemento das actuacións de preparación de solo para actividades empresariais en resposta aos criterios establecidos polas DOT.

O PSOAG recolle o ámbito do PEID dentro da nova área empresarial delimitada (código área 15078081) denominada PXOM (Santiago de Compostela) SUND-30.

As novas actuacións previstas polo Plan Sectorial son incluídas no mesmo para cubrir os déficits de solo empresarial resultantes do estudo de mercado ou da aplicación da estrutura territorial das DOT e aquelas novas delimitacións, formuladas como alternativas a outras áreas que presentan incidencias.

A continuación recóllese a caracterización da área na que se inclúe o ámbito do PEID segundo o PSOAG:

15078081	PXOM (SANTIAGO DE COMPOSTELA) SUND-30	AF Santiago	Viabilidade: 89
Superficie	972.500 m2		
Afeccións	Existe un curso de auga no eido. Non resulta unha afección complexa. No contorno do eido atópase a Mámoa da Boca do Lobo e afecta ao Camiño de Santiago Inglés.		
Medidas	- Aplicaranse as medidas descritas no apartado 7.7 e vincularase o curso de auga as dotacións de espazos libres e zonas verdes co obxectivo de preservar as súas funcións ecolóxicas. - Aplicaranse as medidas descritas nos apartados 7.4 e 7.5 e as medidas que estableza o PXOM. A afección ao Camiño provocará condicións na ordenación dunha franxa de terreo		

15078081	PXOM (SANTIAGO DE COMPOSTELA) SUND-30	AF Santiago	Viabilidade: 89
	que teña a suficiente amplitude para garantir a súa protección, preferentemente mediante a súa vinculación coas zonas verdes e espazos libres do desenvolvemento.		
Observacións	Ámbito delimitado no PXOM. Plan de sectorización en tramitación.		

Caracterización da área na que se inclúe o PEID no PSOAEG

Segundo establece o PSOAEG, con carácter xeral, os instrumentos de planeamento que desenvolvan o Plan deberán integrar todas as medidas que se establecen no informe de sustentabilidade ambiental en na normativa e solicitar os informes correspondentes segundo a lexislación vixente.


7.5 PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE

O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Santiago de Compostela foi aprobado definitivamente o 1/09/2008 ao abeiro da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

O ámbito obxecto do presente PEID forma parte do sector clasificado como solo urbanizable non delimitado SUND-30 "Polígono do Tambre Norte" destinado a ampliación do solo industrial de dito polígono.

Segundo o PXOM, a súa accesibilidade esta garantida polo cinturón orbital V Brins-N550 que a comunica coa estrada N-550 e coa estrada Meixonfrío - Son de Abaixo. Ambos polígonos quedan relacionados co SUND-40 Parque empresarial de Santiago de Compostela, mediante a conexión entre a N-550 e a AP-9.

No SUND-30 delimítase o sistema xeral incluído no ámbito SU-3 ampliación de MercaGalicia, con 67.199 m² de solo, obxecto do presente PEID.



Ámbito do PEID no PXOM

Como medida de integración ambiental e paisaxística, establécese a preservación do sistema natural de drenaxe, de tal xeito que se localizará parte do sistema de espazos libres na zona de servidume do Dominio Público Hidráulico, igualmente procurarse a preservación da paisaxe rural do aire e acústica dentro do propio ámbito establecendo unha zona verde no perímetro en contacto coas infraestruturas viarias, que deberá estar arborada por especies autóctonas nunha faixa de 15 m de largo como mínimo.

A efectos das súas determinacións, establécese a obrigatoriedade de execución do Colector do Polígono Tambre Norte, de Impulsión do Polígono do Tambre Norte, do Bombeo do Polígono do Tambre Norte e da parte do Anel Norte.

Segundo establece o RLSG no seu artigo 107, cando o plan xeral opte por incluír ou adscribir un sistema xeral (neste caso o SU-3) a unha área de repartición e, de ser o caso, a un polígono, sector ou ámbito concreto dela, deberá determinar se a ordenación detallada do dito sistema xeral será levada a cabo polo correspondente plan parcial ou plan espacial de reforma interior, ou por un plan especial de infraestruturas e dotacións independente.

Neste caso, desenvólvese o presente plan de infraestruturas e dotacións para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM dado que se pretende desenvolver un sistema xeral incluído no solo urbanizable non delimitado SUND-30 e de conformidade co establecido no artigo 177 c) do RLSG os plans especiais de infraestruturas e dotacións poderán planificar a implantación de dotacións urbanísticas de carácter público ou privado en calquera clase de solo, estean ou non previstas no plan xeral.

Dado que o PXOM non é un plan feito ao amparo da vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia (LSG), débese aplicar o disposto nesta lei na disposición transitoria primeira que establece no seu apartado 1 que o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a LSG e adaptado a LOUGA conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación. Ao solo urbanizable non delimitado aplicaráselle integramente o disposto no planeamento.

De cara a garantir a integración da actuación no territorio, dadas as características do ámbito e mentres non se desenvolva o solo urbanizable no que se insire, a zonificación proposta polo PEID establece unha serie de parámetros que, a excepción da altura máxima das edificacións e da área de amortecemento proposta, se corresponden coas condicións de posición e edificación esixidas pola LSG para o solo rústico e que se definen no cadro seguinte:

Parcela	Superficie mínima	2.000 m ²
	Terreos en estado natural / área de amortecemento	25% da parcela
Edificación	Ocupación máxima	50 % da parcela
	Altura máxima	B+1 (12 m)
	Recuado min. a lindeiros	5 m

7.6 PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA DA ECONOMÍA (PRTR)

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia español está enmarcado dentro dos plans nacionais que elaboraron os 27 estados membros da Unión para acollerse ao Plan de Recuperación para Europa NextGenerationEU. O Plan artículase nun conxunto coherente de investimentos a realizar na súa práctica totalidade entre 2021 e 2023 e nun ambicioso programa de reformas estruturais e legislativas orientadas a abordar os principais retos do noso país.

O PEID proposto inclúese no marco deste plan mediante o programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano.

Como resultado da actuación, prevese:

- Redución do número de vehículos que acceden ao centro histórico tanto convencionais de repartición como tráfico pesado
- Redución de emisións contaminantes
- Redución de impactos sobre o patrimonio monumental do tráfico (accidentes, rotura de firme, afección a cornixas e fachadas, etc)
- Liberación de espazo para peóns

O PEID contribúe positivamente ao desenvolvemento do PRTR e aos obxectivos definidos na convocatoria, así como á Estratexia de Movilidad Segura, Sostible e Conectada 2030 (https://transparencia.santiagodecompostela.gal/media/documentos/1_memoria_tecnica_fina_nceira_plataforma_loxistica_casco_historico_s.pdf)

7.7 ESTRATEXIA DE LOXÍSTICA URBANA SOSTIBLE NO CASCO HISTÓRICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Concello de Santiago ten definida unha Estratexia de loxística urbana sostible no casco histórico de Santiago de Compostela, que prevé acometer distintas actuacións para mellorar, entre outros aspectos relacionados coa mobilidade, o modelo de distribución de mercadorías no ámbito da cidade histórica.

A estratexia, está articulada en distintas fases, para establecer un novo modelo de distribución de mercancías, nun primeiro momento aplicable ao ámbito da cidade vella, pero susceptible de ser estendido posteriormente a outras zonas da cidade.

Así, neste momento están xa en marcha as primeiras fases, no marco do proxecto SMARTIAGO, de compra pública innovadora, financiado con fondos FEDER. A través deste proxecto o Concello de Santiago está a implantar un sistema baseado en intelixencia artificial para o control e o seguimento dos vehículos que acceden ao casco histórico, o que vai proporcionar datos valiosos para a futura xestión e racionalización do reparto de mercancías.

O modelo de xestión que se pretende implantar require tamén a consolidación dun centro loxístico de distribución urbana, situado fóra da cidade, pero ben conectado, obxecto do presente PEID. Neste modelo, os camións de reparto que antes accedían aos distintos negocios da zona vella depositarían a súa mercancía nesta plataforma loxística. Alí xestionaríanse os horarios e traxectos óptimos para redistribuíla, practicamente a demanda, aos distintos negocios do casco antigo, en vehículos de cero emisións, máis lixeiros.

A actuación obxecto do presente PEID contribúe ao desenvolvemento do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da economía, e tamén están aliñados coa Estratexia de mobilidade segura sostible e conectada 2030 de ámbito estatal, polo que poden optar aos fondos europeos distribuídos no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia establecido pola Unión europea, coñecidos como fondos Next Generation.

A elaboración do presente PEID é un elemento necesario para acadar os obxectivos xa sinalados no prazo previsto, xa que constitúe o documento urbanístico que da soporte e definición á futura plataforma loxística, garantindo unha inserción no territorio axeitada e coherente co entorno e tamén a súa coherencia coas previsións do planeamento territorial e sectorial con incidencia no ámbito escollido para a implantación.

8 MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

A Avaliación Ambiental Estratéxica é unha ferramenta de xestión que permite a integración de criterios de sostibilidade nos procesos de elaboración de políticas, plans e programas co obxectivo de garantir un desenvolvemento que permita afrontar os grandes retos da sustentabilidade como o uso racional dos recursos naturais, a prevención e redución da contaminación, a innovación tecnolóxica e a cohesión social, á vez que fomenta a transparencia e a participación cidadá.

Trátase dun instrumento plenamente consolidado que acompaña ao desenvolvemento e cuxo procedemento atopase regulado pola Lei 21/2013 de 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, de 5 de decembro, polo Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e polo Real Decreto-lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e en outros ámbitos para a reactivación económica.

A Lei 21/2013, de 9 de decembro, distingue dous tipos de avaliación ambiental estratéxica:

- ORDINARIA. Cando con carácter xeral se presume que un plan terá efectos significativos sobre o medio e, polo tanto, debe ser avaliado antes da súa aprobación, adopción ou autorización.
- SIMPLIFICADA. Cando é necesario que o órgano ambiental determine se un plan ten efectos significativos sobre o medio, segundo os criterios establecidos no anexo V da citada Lei. Se conclúe que o plan ten efectos significativos sobre o medio deberá tramitarse o procedemento ordinario.

O artigo 6 da Lei 21/2013, ao igual que o artigo 46 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia (LSG), define o ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica determinando no seu punto 2 que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada:

“b) Os plans e programas mencionados no apartado anterior que establezan o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.”

Atendendo ao establecido nos artigos citados, considérase o PEID PARA A CREACIÓN DUNHA PLATAFORMA LOXÍSTICA DE INTERCAMBIO DE MERCADORÍAS NA PARCELA SU-3 DO PXOM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA promovido polo concello de Santiago de Compostela, axústase aos supostos previstos para avaliación ambiental simplificada por canto trátase dun planeamento que establece o uso dun ámbito de reducida extensión recollido no PXOM vixente.

De conformidade co exposto elaborase o presente DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO que permite iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada descrito nos artigos 29 a 32 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O presente documento elaborase conforme o establecido no Art.29, punto 1 da Lei 21/2013, de avaliación ambiental.

9 RESUMO DOS MOTIVOS DA SELECCIÓN DAS ALTERNATIVAS CONTEMPLADAS

Para valorar o grado de cumprimento dos obxectivos propostos estudáronse como alternativas a alternativa 0, como situación de partida respecto ao escenario tendencial en caso de non desenvolverse o PEID e a alternativa 1 que propón unha ordenación do ámbito resultante da aplicación de todos os medios que a lexislación urbanística e sectorial vixente poñen o alcance do planeamento.

A alternativa 0 propón o mantemento da situación actual, é dicir, nas condicións que establece para o ámbito o PXOM vixente, un sistema xeral Su-3 incluído dentro do solo urbanizable non

delimitado SUND-30 "Polígono do Tambre Norte" destinada a ampliación do solo industrial de dito polígono. O mantemento desta alternativa supón manter o modelo actual de reparto de mercadorías na cidade histórica que supón un perigo para as persoas, un empobrecemento significativo da calidade de vida nesta parte da cidade, e un risco constante de dano ao patrimonio monumental. A alternativa 0 tampouco resolve de xeito satisfactorio as necesidades dos propios negocios aos que se abastece -principalmente do sector da hostalería- xa que a franxa horaria na que é posible o reparto coincide, con moita frecuencia, coas horas nas que os establecementos permanecen pechados polo descanso do persoal.

Para dar resposta a esta problemática o Concello propón unha estratexia (alternativa 1), que require a consolidación dun centro loxístico de distribución urbana, situado fóra da cidade, pero ben conectado que permitiría xestionar horarios e traxectos óptimos.

Respecto as alternativas de ubicación a proximidade con MercaGalicia e a conexión directa con todas as vías que unen as principais cidades galegas fan do ámbito SU-3, un lugar idóneo para establecer un centro loxístico para a distribución de mercadorías.

A valoración comparativa entre o mantemento da situación actual (alternativa 0) e a alternativa de ordenación resultante da aplicación de todos os medios que a lexislación urbanística e sectorial vixente poñen o alcance do planeamento (alternativas un) conclúe segundo o método empregado que a alternativa de ordenación que mais puntuación obtén é a un sendo polo tanto a mais coherente coa desde un punto de vista da sustentabilidade e polo tanto a proposta polo PEID.

10 MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVER, REDUCIR E CORRIXIR EFECTOS NEGATIVOS RELEVANTES

En coherencia co expresado no apartado 6 non se considera necesario establecer medidas para previr, reducir ou corrixir os posibles efectos negativos do plan, máis alá das propias medidas de carácter urbanístico establecidas polo plan especial para a adecuada inserción da actuación no seu entorno.

11 MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN

Dado que o ámbito proposto para o desenvolvemento da modificación atópase contemplado no vixente PXOM de Santiago de Compostela considerase que o plan de seguimento aplicable neste caso é o que establece o PXOM para o seu desenvolvemento.

Por outra parte, debido a que os impactos máis importantes que se prevén no desenvolvemento e aplicación da modificación senón que procederán da propia urbanización, considerase que debe ser o proxecto de urbanización o que adopte as medidas necesarias para o seguimento e vixilancia ambiental.

AUTORÍA E DATA DO PRESENTE DOCUMENTO

O contido do presente documento ambiental estratéxico foi redactado en xullo de 2022, na etapa de Borrador para avaliación ambiental estratéxica. Inclúese este epígrafe para indicar a súa autoría, titulación e profesión regulada.

A autora do deste documento é Paula Fernández Otero, titulada en Bioloxía, Colexiada núm.19318-X, que desenvolve a súa profesión no ámbito da planificación urbanística e ordenación territorial en Alfonso Botana S.L, en colaboración con Beatriz García Becerra (arquitecta) e Alfonso Botana Castelo (arquitecto).

Asinan:



Alfonso Botana Castelo
Arquitecto



Beatriz García Becerra
Arquitecta



Paula Fernández Otero
Bióloga